

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

Membros Xunta Directiva

Presidenta: Amaya García
Vicepresidenta: Lupe Lema
Tesoureiro: Fran Torrado
Secretaria: *Marta Castro*
Vogal: José Manuel Naveira
Vogal: Moncho Bouzas
Vogal: *María Rufino*

Extracto da sesión celebrada pola asemblea extraordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Fco. Vales Villamarín o día 28 de marzo de 2014

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 19:34 con 16 pais/nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Amaya García, Lupe Lema, Fran Torrado, Marta Castro, José Manuel Naveira e Moncho Bouzas. Según a orde do día, os puntos a tratar son os seguintes:

1. Acordo de solicitude á Administración Educativa da Comunidade Autónoma para a implantación dun sistema de préstamo universal e gratuíto para os libros de texto no ensino público obrigatorio.

A iniciativa de Anpas Galegas, e unha vez aprobada no Consello Escolar, sométese a votación a proposta da Anpa Brigantium de solicitar á Consellería de Educación a implantación dun sistema de préstamo universal e gratuíto para os libros de texto no ensino público obrigatorio. A xunta directiva propón sumarse a esta iniciativa, que rexeita o actual sistema de “gratuidade solidaria”, na liña do manifestado pola Defensora do Pobo, que recomenda “aplicar preferentemente sistemas de préstamo e reutilización dos libros de texto, pola súa eficiencia e menor custe”.

Apróbase con 19 votos a favor e 3 abstencións.

2. Traspaso da xestión das actividades extraescolares do CEIP Fco. Vales Villamarín.

Explícanse os motivos polos que a xunta directiva propón realizar este cambio na xestión das extraescolares:

- Poucos membros na xunta directiva da ANPA.
- Pouca disponibilidad de tempo por parte dos poucos membros da xunta directiva.
- 11 actividades extraescolares precisan dun nivel de traballo importante.
- Máis de 300 alumnos participantes nas actividades.
- Responsabilidade civil e penal para os membros da xunta directiva.

As alternativas plantexadas:

- **Concello:** a día de hoxe non é viable. A ANPA mantivo varias reunións co equipo de goberno, que insiste en que se atopan nun momento de incertidumbre en canto ás competencias que a nova lei lles deixará aos concellos.

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

- **Contratación dunha empresa:** despois de estudar varias opcións, OXÍGENO é a empresa que propón esta xunta directiva, no caso de ser escollida esta opción de xestión. As razóns teñen que ver co presuposto ofertado(uns 128 euros anuais por actividade e neno/a, repercutindo a aportación que fai o concello, o que baixaría a cota mensual), co compromiso de continuidade dos nosos monitores e coa coordinación e comunicación que se comprometen a ter coa xunta directiva da ANPA. Explícase que o custo das actividades ten que aumentar, con calquera das opcións, xa que levan tempo sendo deficitarias. Ata de agora foise mantendo o prezo grazas ao remanente que cedeu a ADC cando se dissolveu.
- **Club local:** Club Santo Domingo. Esta é a opción pola que, a día de hoxe, se inclina a xunta directiva. O custo das actividades para as familias socias sería de 100 euros anuais, e algo máis para as no socias. Seguirían traballando os nosos monitores, que ademais prefiren esta posibilidade que a de traballar cunha empresa. Ademais, contaríamos cun coordinador no centro, poderían facer suplencias, de ser necesario, e adquirirían o compromiso de respectar a filosofía educativa das actividades.

PREGUNTAS E SUXESTIÓNS RELACIONADAS CON ESTE PUNTO:

- Seguirán as actividades extraescolares tendo en conta o horario do comedor? Por suposto, as actividades darán comezo ás 16:00 horas.
- Seguirán todos os monitores actuais ao fronte das diferentes actividades? Si, levamos a cabo unha reunión cos monitores e, en principio, todos queren continuar con nós.
- Como será o pagamento das actividades: mensual, anual con pago fraccionado...? Debátese sobre esta cuestión e a maioría da xente prefere o pagamento anual en dous prazos, como se vén facendo. Polo tanto, no caso de traballar co club, esta será a opción escollida.
- Cal será o horario das actividades extraescolares? Igual que o actual, sempre condicionado polas matrículas, xa que ten que haber un número mínimo da inscritos para que se leven a cabo as diferentes actividades.
- Suxestión: A ANPA podería contratar a un coordinador de actividades para poder seguir levando a xestión directamente e liberarse de traballo. A xunta directiva actual mantén a súa postura de traspasar a xestión, polos motivos expostos.
- Cando se ofertarán as actividades para o curso 2014-2015? Coma sempre, en xuño.
- Haberá diferenza no prezo das actividades para socios e non socios? Si, os non socios pagarán máis.
- De levar as actividades o club, asinarase un contrato anual con eles? Por suposto, asinarase un contrato detallado por curso escolar.

VOTACIÓN:

Club Santo Domingo: 19 persoas.
Abstencións: 3 persoas.

OUTRAS PREGUNTAS:

- Pregúntase polas obras do cole novo e se ao incio do vindeiro curso estará rematado. A día de hoxe non podemos dar resposta a esta cuestión, pero estaremos pendentes e levaremos a cabo un seguimento.

Péchase a sesión ás 20:58 horas.